

Xela Arias



Filla de Valentín e Amparo, naceu en Lugo, aínda que a inscribiron en Sarria como María de los Ángeles, que cambiou en 1984 por María dos Anxos, aínda que dende os seis anos a chamaron Xela

Criada en galego, estudou dos 4 aos 7 anos na Granxa de Barreiros, no famoso Colexio Fingoy de Lugo, onde fora director Ricardo Carvalho Calero, o autor a quen homenaxeamos o ano pasado



En 1969 a familia marchou a Vigo ao destinar ao pai ao Colexio de Moledo en Sárdoma.



En 1976 entrou no Instituto Castelao pero deixou os estudos en COU para comezar a traballar na editorial Xerais con Xulián Maure en 1979




Dende 1980 publica en A nosa Terra, Diario 16 de Galicia, Jornal de Notícias do Porto, Dorna, Katarsis, Festa da palabra silenciada...



Participou en recitais contra da OTAN, uniuse a Greenpeace, protestou en Burla Negra contra o Prestige e contra a Guerra de Iraq




En 1986 ingresou na Asociación de Escritores en Lingua Galega




En 1991 rexistrou as letras para o grupo musical Desertores e retomou os estudos de Filoloxía hispánica, licenciándose en 1996 e comezando a especialidade de galego-portugués



No verán de 1992 casou co fotógrafo e matemática Xulio Gil Rodríguez, con quen tivo no ano 1994 ao seu único fillo: Darío.



No curso 1999-2000 comezou a exercer de profesora substituta de ensino secundario na especialidade de lingua e literatura castelá en moitos lugares de Galicia (Santa Comba, Moaña, Pontevedra, Santiago, Vigo...)



Traduciu a multitude de autores ao galego como o "Amor de Perdición" de Camilo Castelo Branco, os "Contos ao teléfono" de Gianni Rodaria, "As Bruxas" de Roald Dahl, "Os Corredoiras" de Juan Farias, "Dublineses" de James Joyce, "Drácula" de Bram Stoker e "O Spleen de París" de Baudelaire...



Finou dun ataque ao corazón en novembro de 2003, con tan só corenta e un anos de idade. Soterrárona no cemiterio vigués de Pereiró.